

## -RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-

**Expediente: C/902/2017**

Por Providencia da Alcaldía de data 13.11.2017 iniciouse procedemento de contratación para a adxudicación do contrato o subministro de un TRACTOR CON DESBROZADORA polo procedemento de negociado con publicidade - tramitación urxente

Con data 13.11.2017 aprobouse o expediente incluído os correspondintes Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas, publicándose anuncio no Perfil do contratante do Concello de A Cañiza na data 15.11.2017.

A vista de que no Prego de Cláusulas Administrativas se establece no artigo 19 a composición da mesa de contratación do seguinte xeito:

Presidente: O Sr. Alcalde D.Miguel Adolfo Domínguez Alvarez.

Vogais:

- 1) Titular: O Sr. Secretario da Corporación D. Jacobo Barreiro Pimentel , ou funcionario que legalmente o substitúa
- 2) Titular: A Sra. Interventora da Corporación Dna. Nilsa Suarez González ou funcionario que legalmente a substitúa.
- 3) Titular: A Sra. Concelleira D<sup>a</sup>Ana María Cerviño Alvarez : ou concelleiro/a que lle substitúa .
- 4) Titular: O Sr Concelleiro D.Carlos Ricón Moraña ou concelleiro/a que lle substitúa .

Secretaría: D<sup>a</sup>. Anxos Rodriguez Varela

Vista a acta da mesa de contratación celebrada o 23.11.2017 na que se acorda solicitar ao arquitecto técnico, asesor técnico municipal que emita un informe de valoración da documentación técnica das ofertas presentadas e admitidas.

Visto o informe emitido polo arquitecto técnico, asesor técnico municipal, don Lucas García Vázquez o 28.11.2017. sobre a CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA (SOBRE B) DO EXPTE.: C/902/2017

Considerando as competencias que establece a Disposición Adicional 2<sup>a</sup> do Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Convocar a Mesa de Contratación en sesión non pública a celebrar o próximo xoves día 30.11.2017 ás 13.30 horas, para a valoración da documentación e emisión de proposta de adxudicación.

**SEGUNDO:** Que se proceda a publicación desta Resolución no Perfil do contratante deste Concello.

Documento asinado electrónicamente por MIGUEL A. DOMINGUEZ ALFONSO, Alcalde do Concello de A Cañiza, dando fe do mesmo, JACOBO BARREIRO PIMENTEL Secretario do Concello

